

Cronoloxía da cultura galega entre 1903 e 1956

(datas do nacemento e pasamento
do artista Álvaro Cebreiro)

ALFONSO POSSE ROMERO*

Sumario

Con motivo do centenario do nacemento do artista coruñés Álvaro Cebreiro, cuñado do autor, este dá á luz como homenaxe ao mesmo, unhas notas cronolóxicas sobre feitos relevantes na cultura e sociedade galega que abranguen o período vital do artista e que van ilustradas con caricaturas que no seu momento realizara Cebreiro, un dos grandes da Península nesta faceta.

Abstract

On the occasion of the centenary of the birth of the corunés artist Álvaro Cebreiro, brother-in-law of the author, and as a homage to the artist, the author brings to light some chronological notes on relevant happenings in Galician society and culture which covers a vital period of the artist, and which are illustrated by cartoons executed at the time by Cebreiro, who was one of the greatest in this field in the Peninsula.

1903

18 de xaneiro: a recién creada Escola Rexional de Declamación fai a súa primeira aparición diante do público da Coruña, no Teatro Principal, co cadro costumista «*j Filla!*», de Galo Salinas.

20 de maio: falece **Marcial Valladares**, autor do dicionario galego-castelán que leva o seu nome e de «*Maxina, ou a filla espúrea*», a primeira novela galega.

18 de xullo: estrea de «*A Ponte*», de **Lugrís Freire**, primeiro drama galego en prosa.

Euxenio Carré Aldao publica «*La literatura gallega en el siglo XIX*».

Nace na Coruña **Emilio González López**, catedrático, deputado, autor dunha sobresaínte Historia de Galicia, en curso de publicación, da que xa saíron once tomos.

1904

2 de maio: nace na Coruña **Adolfo Torrado Estrada**, prolífico autor de obras teatrais en castelán que, no seu día, gozaron do favor do público.

Aparecen: *Montañesas*, de **Noriega Varela**, a súa primeira obra, e *Macías, O Namorado*, de **Hugo Albert Rennert**, en tradución castelá de Carré Alvarellos. **Carolina Michaelis de Vasconcellos** publica o *Cancioneiro da Ajuda* (Halle, Max Niemeyer), e **Euxenio Carré Aldao** *Influencia de los catalanes en el progreso de la industria pesquera en Galicia*.

Falece **D. Bernardo Barreiro de Vázquez Varela**, investigador do pasado histórico de Galicia; arquivista do Concello de Santiago e da Deputación coruñesa e fundador da revista *Galicia Diplomática*; moi coñecido pola súa obra *Brujos y Astrológos de la Inquisición de Galicia*.

21 de outubro: coroación, en olor de multitude, de **Curros Enríquez** na Coruña durante un emocionante acto organizado polas sociedades culturais da cidade e presidido por **Don Manuel Murguía**.

Fúndase a «Sociedad Filarmónica» da Coruña, a primeira de Galicia e a segunda de España en antigüidade. 3 e 4 de decembro: **Andrés Gaos** actúa, coa súa dona e o pianista Luna, no Teatro Principal, para a «Sociedad Filarmónica», dando a coñecer obras súas.

Alfonso Posse Romero, cuñado de Álvaro Cebreiro, ven contribuíndo dende hai anos con diversas aportacións a recuperar e divulgar a obra e personalidade do artista coruñés.

5 de decembro: Constitúese a Asociación da Prensa da Coruña.


1905

O 6 de xaneiro ven ao mundo na Coruña a pintora **M^a Dolores Díaz Baliño**, afamada profesora e académica; o 15 de abril **Ramón Torrado** Estrada, pintor e cartelista primeiramente, para pasar a afamado director de cine. Tamén nace neste ano o pintor coruñés **Ricardo Camino**.

En Lugo **Juan Rof Carballo**, médico e ensaísta, e **Álvaro Gil Varela**, insigne mecenas da cultura galega.

É creada na Habana a «Asociación Iniciadora y Protectora de la Academia Gallega». O 4 de setembro lévase a cabo na Coruña a fundación da Academia, en reunión celebrada na Casa do Consulado, e no seu transcurso elíxese a **D. Manuel Murguía** Presidente da mesma.

López Ferreiro publica a novela *O niño de pombas* e **Murguía** o estudo *Los trovadores gallegos*. Deste ano data a primeira edición de *La Cocina Práctica*, de **Manuel María Puga**, **Picadillo**, da que ate o de agora se fixeron quince máis.



Lugrís Freire.

1906

20 de abril: sae o primeiro número do *Boletín de la Academia Gallega*; o 25 de agosto outorgáselle a esta corporación o título de Real e o 30 de setembro fai a súa presentación oficial, nun acto celebrado no Circo de Artesanos da Coruña.

17 de xullo: nace en Lugo a pintora **Julia Minguillón**.

4 de setembro: morre **Valentín Lamas Carvajal**. O relevante poeta cego, do que foi moi celebrado o seu *Catecismo do labrego*, contaba 57 anos.

Falece **Pascual Veiga Iglesias**, compositor, célebre pola música do Himno Galego e da Alborada que leva o seu nome, sobre letra de Francisco María de la Iglesias. En Valladolid tamén deixa de existir **Juan Cuveiro Piñol**, autor de traballos de lingüística e de un dicionario galego-castelán, dos primeiros que aparecen en Galicia; nacera na Coruña.

Élle concedida ao pintor **F. Álvarez de Sotomayor** a Medalla de Honor na Exposición Nacional de Bellas Artes pola súa obra *Los abuelos*.

28 de outubro: nace en Pontevedra o erudito **Xosé Filgueira Valverde**.

31 de outubro: expira en Lugo o destacado escritor **Aureliano J. Pereira**.

Ven ao mundo en Tui **Cristino Mallo**, que no 1954 obterá a Primeira Medalla de Ouro en escultura na Exposición Nacional de Bellas Artes.

1907

Créase na Coruña a agrupación política «Solidaridad Gallega», que se propón fomentar o agrarismo e o rexionalismo. Durante as súas actuacións son pronunciados discursos en galego, feito insólito ate daquela.

Nacen na Coruña os pintores **Jaime Ozores Marquina** e **José Francisco**; en Viveiro **Maruja Mallo**, tamén pintora, e en Ourense o escultor **Antonio Failde Gago**.

M. Lugrís Freire publica *Contos de Asieumedre* e **E. Carré Aldao** o *Catecismo solidario*.



O violinista Manuel Quiroga.

Nace en Ourense **Xaquín Lorenzo Fernández** e en Verín **Xesús Taboada Chivite**. Ambos acadarán grande renome polos seus estudos de prehistoria, arqueoloxía e etnografía de Galicia.

Falece **Arturo Vázquez Núñez**, investigador, autor de diferentes estudos arqueolóxicos e epigráficos.

1908

7 de marzo: data do tránsito de **Curros Enríquez**, que ocorre na Habana. O 2 de abril os seus restos mortais reciben sepultura na Coruña, despois de soberbias honras fúnebres, «honosres como endexamais se dispensaron a ningún outro poeta en toda España», en frase de Euxenio Carré.

Na Exposición Nacional de Bellas Artes o pintor Carlos Sobrino recibe Mención Honorífica.

Castelao licénciase en Medicina na Universidade de Santiago. Expón en Madrid. Acude á I Exposición de Humoristas.

Nace **Urbano Lugrís González** na Coruña e **Xosé Otero Abeledo, Laxeiro**, en Don Ramiro, Lalín; ambos pintores de sona.

É fundado en Lugo o diario *El Progreso*.

Dan comezo as obras de construción do novo palacio municipal coruñés da Praza de María Pita, segundo proxecto do arquitecto **Pedro Mariño**.

Ven ao mundo en Viveiro **Enrique Chao Espina**, poeta e investigador e autor de diversas monografía históricas (7 de xullo). No Barco, o poeta e novelista **Gabino Díaz de Herrera**.

15 e 16 de agosto: Primeira Asemblea Agraria de Monforte.

Euxenio Carré Aldao dá á imprenta tres obras: *Idioma y Literatura de Galicia*, *Guerra de la Independencia en Galicia*, e *Alzamientos de La Coruña*. Pola súa parte, **F. Tettamancy e Gastón** faino con *La Revolución Gallega de 1846*.

1909

Comeza a publicarse en Vigo a revista *Vida Gallega*.

17 de maio: nace en La Habana **Manuel Chamoso Lamas**, infatigábel investigador e publicista sobre Arqueoloxía e Arte.

Don Antonio López Ferreiro coroa neste ano a súa monumental *Historia de la Iglesia de Santiago*, comezada en 1898, ao publicarse o derradeiro dos once tomos de que se compón.

23 de xuño: deixa de existir **Salvador Golpe**, autor da celebrada balada «Dous amores», á que puxo música o mestre Baldomir; nacera en Oza dos Ríos.

Castelao doutórase en Medicina na Universidade de Madrid.

Constitúese o actual Centro Galego de Buenos Aires.

Manolo Quiroga consegue o Premio Sarasate de violín no Conservatorio de París.

Veñen ao mundo en Santiago **José M^a Castroviejo** e **Domingo García-Sabell**, e en Seivane, do Concello de Abadín, **Aquilino Iglesia Alvariño**.

O Rei Alfonso XIII inaugura en Santiago, o 25 de xullo, a magna Exposición Regional Gallega, na que **Castelao**, **Jesús Corredoira** e **Carlos So-**

brino obteñen senllas Medallas de Ouro en pintura.

Vicente García de Diego edita en Burgos *Elementos de Gramática Histórica Gallega*, obra única ate hai pouco.

1910

15 de xaneiro: aparece en Madrid a revista quincenal «Acción Gallega», dirixida por **Basilio Álvarez**, portavoz do movemento agrario.

20 de marzo: chórase a perda do ilustre coengo compostelán **D. Antonio López Ferreiro**, eximio historiador e arqueólogo e novelista en lingua galega.

Ramón Cabanillas emigra a Cuba.

Morre **D. José Villa-Amil e Castro**, quen publicou diversas monografías sobre temas históricos e arqueolóxicos de Galicia.

Nace en Ferrol **Gonzalo Torrente Ballester**; en Buenos Aires o pintor **Luis Seoane**; en Noia, o 27 de outubro, **Francisco Creo Rodríguez**, pintor, debuxante e ceramista, e o 30 de outubro ven ao mundo o poeta, novelista, dramaturgo e historiador da literatura galega **Ricardo Carballo Calero en Ferrol**.

Organízase a Escola Rexional de Declamación.

Axitación campesiña e eleitoral en Galicia.

A Segunda Asemblea Agraria de Monforte celébrase o 13, 14 e 15 de agosto.

F. Tettamancy e Gastón publica na Coruña «Britanos y Galos (Páginas de la Guerra de la Independencia)» e **Xesús Rodríguez López** en Madrid «Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares», na súa segunda edición, que inclúe o decreto bispal de prohibición.

Morre o 6 de outubro, en Ferrol, **D. Leandro Saralegui e Medina**, autor de importantes estudos sobre temas históricos referentes a Galicia. Nacera en Tui.

1911

Coincide en Mondoñedo neste ano o nacemento de **Álvaro Cunqueiro Mora** e a publicación por Leiras Pulpeiro dos seus *Cantares Gallegos*.



Leandro Carré.

Nace na Coruña **Álvaro Paradela Criado**, o popular médico escritor «Amaro Orzán».

Carlos Sobrino consegue Segunda Medalla de Ouro na Exposición Universal de Panamá.

Leandro Carré Alvarellos iniciase na vida literaria coa comedia *Noite de ruada*.

Dirixida por **Euxenio López Aydillo** aparece en Ourense, o 1 de xullo, a revista ilustrada *Mi Tierra*, quincenal.

Falece en Pontevedra o poeta e dramaturgo **Emilio Álvarez Giménez**, e en Lantañón, Meis, nace o pintor **Manuel Pesqueira**.

En agosto efectúase no ceo coruñés o primeiro vo aéreo; a exhibición faina un aviador francés e dura tan só un minuto.

Na Coruña constrúese o edificio de Escolas da Fundación Labaca, obra do arquitecto **Leoncio Bescansa**.

1912

Basilio Álvarez e outros publican en Ourense o manifesto da «Liga de Acción Gallega».

Falece en Madrid, o 15 de marzo, **D. Juan Fernández Latorre**, fundador do diario «La Voz de Galicia», aparecido en dous de xaneiro de 1882.

Nace **Celso Emilio Ferreiro** onde o mundo se chama Celanova.

Organízase en Madrid, ao amparo do Centro Gallego e dirixida a súa instalación polo arquitecto Palacios, a «Primera Exposición de Arte Gallego». O seu sonado éxito serviu para que, dous meses despois, a Comisión de Festas e a Liga de Amigos organizase outra na Coruña. Concorriron a ela os principais artistas españoles, polo que non foi exclusivamente galega. Por este carácter mixto o seu título tan só foi o de «Primera Exposición de Arte». Reuniu 236 obras de pintura, doce de escultura e sete de arquitectura.

Iniciase na Coruña, por **Dª María Barbeito**, a «Fiesta de la Flor», cuestación pública a beneficio dos desvalidos, que de aquí extenderíase a toda España.

F. Tettamancy e Gastón publica o poema en galego *Boicentral*, con apuntes sobre o druidismo e o celtismo galegos e a epopeia irlandesa.

Nace en Ferrol **José Leyra Domínguez**, pintor e escritor, e falece no seu Mondoñedo natal **Manuel Leiras Pulpeiro**.

Dan comezo as obras de construción do Kiosko Alfonso nos coruñeses Xardíns de Méndez Núñez, obra do arquitecto **Rafael González Villar**.

1913

No primeiro mes do ano ven ao mundo, en Vilanova de Lourenzá, **Francisco Fernández del Riego**.

Ramón Cabanillas publica en La Habana, onde residía, *No desterro*, a súa primeira obra. Tamén o fai **Basilio Álvarez** coa súa *Abriendo el surco*.

Morre en Madrid **Prudencio Canitrot**, pintor, debuxante, ilustrador, mais foi na literatura en castelán onde destacou. Naceu en Pontevedra, en 1882.

José Piñeiro leva a cabo en Ferrol, o 6 de maio, a súa primeira acrobacia aérea; é o primeiro piloto acrobático de España e coñecéselle como o Home páxaro galego.



Abelenda.

Castelao: *Algo acerca de la caricatura*, e **S. Portela Pazos:** *O cañón de pau*.

Falece **Rafael Balsa de la Vega**, crítico de arte e autor dun importante traballo sobre a orfebrería galega.

22 de decembro: nace en Elviña o popular pintor coruñés **José Fernández Sánchez**.

1914

Celso García de la Riega publica o seu libro *Colón Español*, no que expón a súa tese sobre a súa natureza pontevedresa, logo tan discutida. Falece este mesmo ano.

7 de xullo: falece prematuramente **Víctor Said Armesto**, primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galaico-portuguesa. Tamén deixa de existir o célebre político **Eugenio Montero Ríos**.

O pintor **Manuel Abelenda** viaxa a Italia, pensionado polo Concello coruñés.

O 12 de novembro nace na Coruña **Fernando Mon Rodríguez**, quen destacará como escritor e crítico de arte. E o 26 falece, tamén na Coruña,

Isidoro Brocos, un dos escultores máis importantes do arte moderno en Galicia.

1915

Ramón Cabanillas publica en La Habana *Vento mareiro*; regresa a Galicia neste ano.

Castelao obtén terceira medalla na Exposición Nacional de Bellas Artes co cadro *Cuento de ciegos*.

Aurelio Ribalta funda en Madrid a revista *Estudios Gallegos*.

Nace en Pontevedra, o 3 de marzo, **Ramón Sobriño Lorenzo-Ruza**, gran investigador dos petroglifos galegos, labor no que continuará a obra levada a cabo polo seu pai. E o 17 de xuño, en Ribadavia, **Manuel Rubén García Álvarez**, o mellor especialista na historia de Galicia do alto medievo.

É creada en Vigo a «Sociedad Filarmónica» e en Ferrol o Coro «Toxos e Froles».

A Coruña rende homenaxe a **Concepción Arenal** erguéndolle un monumento nos xardíns de Méndez Núñez, obra do arquitecto **Rafael González Villar**.

O pintor **Roberto González del Blanco** obtén Segunda Medalla na Exposición Nacional.


Eugenio Carré Aldao publica en Madrid *Influencias de la Literatura Gallega en la Castellana*.

Nace na Coruña **Juan Naya Pérez**; en Arneá, Láncara, **Ramón Piñeiro López**; en Lugo **Celestino Fernández de la Vega**, o filósofo galego autor de *O segredo do humor*, e en Tui **Xosé M^a Álvarez Blázquez**, poeta, novelista, dramaturgo.

Falece o escritor coruñés **Leopoldo Pedreira Taibo**, autor de *El regionalismo gallego*, moi debatido nos días da súa publicación (12 de novembro).

1916

21 de marzo: aparece *Nuestra afirmación regional*, de Antón Vilar Ponte, da que inmediatamente se fará outra edición. Leva en sí o xermolo fundacional da Irmandade da Fala, acto celebrado o 18 de maio no local que, na rúa Rego de



Antón Vilar Ponte.

Auga, da Coruña, ocupaba por aquel entón a Real Academia Galega.

Nace en Iria o escritor **Camilo José Cela**; en Ourense o pintor **Manuel Prego de Oliver**; na Coruña o igualmente pintor **Antonio Lago Rivera**. Tamén **Miguel González Garcés** e **Marino Dónega Rozas**.

Á Academia Provincial de Bellas Artes da Coruña, creada en 1849, élle concedido o título de Real.

Outubro: primeiro contacto con Galicia de **Federico García Lorca**, estudante en viaxe artístico cultural.

15 de outubro: A Coruña inaugura o monumento que lle dedica á súa ilustre filla **D^a Emilia Pardo Bazán**, celebrándose con tal motivo unha gran festa homenaxe.

14 de novembro: aparece o primeiro número de *A Nosa Terra*, órgano das Irmandades da Fala.

Falece o xornalista e poeta **Alfredo Vicenti**. Tamén en Valladolid deixa de existir o famoso pintor galego **Serafín Avendaño**; nacera en Vigo en 1838.

Baixo a presidencia de **Eladio Rodríguez González** e a dirección musical de Mauricio Farto, autor do celebrado *Quer que lle quer*, é fundada na Coruña a agrupación folklórica «Cántigas da Terra». Fará a súa presentación pública o 12 de xullo de 1917, no Teatro Rosalía Castro.

1917

27 de xaneiro: falece en La Habana o popular músico **José Castro González, Chané**. Os seus restos foron trasladados á Coruña e recibiu sepultura o 5 de marzo. Nacera en Santiago, no 1856.

8 de marzo: apágase para sempre a voz do bardo **Pondal** e no cemiterio da Coruña xacen os seus restos, segundo a súa vontade, expresada na estrofa

*Se non for na Ponte Ceso
sepultádeme na Cruña...*

1 de abril: chega ao público o primeiro número do periódico coruñés «*El Ideal Gallego*».

Nace en O Barco de Valdeorras o 30 de abril **Antonio Meijide Pardo**, infatigable esclarecedor do noso pasado coas súas investigacións históricas.

3 de xuño: falece en Vigo o docto xesuíta **P. Baltasar Merino**, autor de *Flora descriptiva e ilustrada de Galicia*, en tres tomos.

Xullo: aparece en Ourense, da man de **Vicente Risco**, a revista *La Centuria*.

Ve a luz na Coruña por vez primeira **Fernando Casado Arambillet**, máis coñecido como **Fernando Rey**, afamado actor de cine.

En Vilagarcía sae da prensa «*Da Terra asoballada*», de **Ramón Cabanillas**.

Rey Soto estrea na Coruña e Madrid, con grande éxito, a súa obra teatral *Amor que vence al amor*.

Aparece *Escolma de Poesías de Rosalía de Castro*, ordeadas e prologadas por **Aurelio Ribalta**. «Libro feito polos coidados da Liga rexionalista na zibdá de Barcelona». Na transcripción emprega a ortografía fonética.

Celébrase na Coruña a gran «Exposición de Arte Gallego». Tivo especial relevo e constituíu un grandioso éxito. A el contribuíu a asistencia da

Condesa de Pardo Bazán, que presidiu o acto de inauguración, en nome do ministro de Instrucción Pública.

6 de outubro: falece en Mondariz **D. Enrique Peinador**, descubridor do manantial de Gándara e fundador do célebre balneario.

1918

Créase na Coruña, por **D. Manuel Casás** e outros, o «Instituto de Estudios Gallegos», antecedente do Seminario de Estudos Galegos.

Febreiro: **Vicente Risco** e **Otero Pedrayo** incorporanse ao galeguismo e participan activamente na campaña electoral dos rexionalistas.

Falece **D. Eladio Oviedo e Arce**, autor de importantes traballos sobre a historia medieval galega.

Xesús San Luis Romero estrea en Santiago o seu tan celebrado drama *O Fidalgo*.

17 de agosto: coincidindo cos festexos en honor de San Roque, celebráronse en Betanzos uns Xogos Froraes, organizados pola Irmandade da Fala, sendo mantenedor **D. Juan Vázquez de Mella**. Resultaron premiados **Ángel del Castillo**, pola súa reseña histórica; **L. Peña Novo**, pola súa disertación sobre *O problema agrario*; **E. Carré Aldao**, pola súa *Infuencia da Lingua galega na formazón do Castelán*, e **C. Amor Neveiro**, por *Eisixenzas ferroviarias de Galicia*.

10 de setembro: aparece o suplemento semanal «*Páxinas gallegas do diario da Cruña El Noroeste*». Á semana seguinte dispónse baixo o epígrafe de «*Nós*», en cabeceira deseñada por Castelao.

27 de outubro: falece prematuramente **Lois Porteiro Garea**, e o día 30 **D. José Pérez Ballesteros**, autor do *Cancionero popular gallego*, no que acadou reunir máis de tres mil cantares.

17 e 18 de novembro: ten lugar en Lugo a primeira Asemblea Nacionalista Galega.

Falece o pintor **José M^a Fenollera** quen, aínda que valenciano de nacemento, formou axiña entre os membros do movemento rexionalista. Na Exposición de 1909 obtivo Diploma de Honor e Medalla de Ouro.

1 de decembro: nace na Coruña o xornalista **Pedro de Llano López**, máis coñecido polo pseudónimo que adoptou de **Bocelo**.

1919

14 de febreiro: morre prematuramente o pintor coruñés **Germán Taibo González**. Contaba 30 anos.

23 de marzo: **Ramón Otero Pedrayo** toma posesión da cátedra de Geografía e Historia do Instituto de Burgos.

22 de abril: **Ramón Cabanillas** estrea no Pabellón Lino, da Coruña, a súa obra *A man de Santiña, farsada en dous pasos*.

Gonzalo López Abente dá a coñecer a súa novela *O diputado por Veiramar*.

Falece en Madrid, o 4 de xuño, **Augusto González-Besada**, destacado político, orador e escritor. Á súa influencia débese a creación da cátedra de Literatura medieval Galaico-portuguesa na Facultade de Letras da Universidade de Madrid. Era natural de Tui.

Nace na Coruña **Luis Monteagudo García**, destacado investigador da Prehistoria galega.

Deixa de existir na Habana, onde residía, **Xosé Fontenla Leal**, activo impulsor da creación da Academia Galega.

1920

Febreiro: **Lois Peña Novo** é elixido Concelleiro do Axuntamento herculino, sendo así o primeiro que accede a un cargo público en representación do nacionalismo galego.

Decláranse monumentos nacionais a Capela mozárabe do Mosteiro de Celanova e o Mosteiro de San Esteban de Ribas de Sil.

17 de xullo: a Real Academia Galega contará no sucesivo entre os seus membros a **Ramón Cabanillas Enríquez**, ao ser eleito compoñente da mesma. O 31 de agosto tomou posesión do sillón nº 31.

22 de agosto: nace en Santiago **Isaac Díaz Pardo**.

Castelao expón en Santiago os debuxos do seu álbum *Nós*.

Publicacións: *Teoría do nacionalismo galego*, de **Vicente Risco**; *Do Ermo*, de **Noriega Varela**; *Néveda*, de **Francisca Herrera Garrido**; *A saudade nos poetas galegos*, de **R. Cabanillas**, que é o seu discurso de ingreso na Academia.

O edificio de madeira «La Terraza», dos anos 1905-10, é trasladado a Sada dende A Coruña e substitúese pola obra que hoxe se ve, debido ao arquitecto **Antonio de Mesa**.

1921

O 12 de maio deixa de existir en Madrid a eximia escritora coruñesa **Dª Emilia Pardo Bazán**, e o día 15 na Coruña **Don Francisco Tettamancy e Gastón**.

É declarado monumento nacional a igrexa de Santa Comba de Bande, que data da época visigótica, século VII.

Angel del Castillo publica *Riqueza monumental y artística de Galicia*; **Ramón Villar Ponte** *Doctrina Nazionalista*, e **Ángel Lázaro** *El remanso gris*, revelándose como poeta; cultivou tamén o teatro; naceu en Ourense en 1900. Nas páxinas de *Nós* ven aparecendo *Do meu diario*, de **Castelao**.

Constitúese en Buenos Aires a Federación de Sociedades Galegas, que agrupa a máis de cincuenta.

Falece na Coruña **D. José Rodríguez Martínez**, máis coñecido polo Médico Rodríguez. A súa cidade ergueulle en 1933 un monumento na Praza de Ourense, debido ao escultor coruñés Madariaga.

O 27 de outubro nace en Isorna, Rianxo, **Faustino Rey Romero**, sacerdote, poeta e escritor; unha das súas obras é *Escolanía de merlos*.

1922

Sotomayor, Director do Museo do Prado e Sánchez Cantón, Subdirector. **Francisco Lloréns**, Medalla de Honor na Exposición Nacional de Bellas Artes polo seu lenzo *Rías Baixas*. **Xesús Corredoira** expón en Buenos Aires.

Nace na Coruña a actriz teatral **María Casares**.

Hugo Obermaier ofrece unha síntese da Prehistoria galega en *Impresiones de un viaje prehistórico*.

rico por Galicia. Aparece a *Gramática do idioma galego*, de **M. Lugrís Freire**, e tamén *Un ollo de vidro, memorias d'un esqueleto*, coa que con pé firme se incia **Castelao** na narrativa. **Cabanillas** publica *O cabaleiro do Sant Grial* e en Madrid dirixe a publicación infantil *As Roladas, follas dos rapaciños galegos*.

Na Coruña constrúese o edificio do Banco Pastor, obra de **Tenreiro e Estellés**, e o do Banco de España e dá comezo a urbanización da Cidade Xardín por **E. Rodríguez Losada**.

O 25 de xullo comeza a súa andadura en Vigo o diario *Galicia*, da man de **V. Paz Andrade**.

En Nebra (Porto do Son) nace **José López Calo**, musicólogo de recoñecida sona, o 4 de febreiro, e en Ourense, onde residía, falece o 10 de decembro o notable músico coruñés **Ricardo Courtier**, autor de orixinais muiñeiras.

Armando Cotarelo publica *Trebón*; **Victoriano Taibo Abrente**; **Amado Carballo Maliaxe**; **A. Villar Ponte** *Almas mortas, novela dialogada cómica trágica*; **L. Peña Novo** *La Mancomunidad Gallega*. **Portela Valladares** dá á prensa a súa conferencia *Momentos de Galicia* e **Eugenio Montes** inserta en *Nós* a súa *Estética da muiñeira*. **Manoel-Antonio** e **Álvaro Cebreiro** asinan a folla *¡Más Alá!*, manifesto estético-literario que provoca polémicas.

1923


O 2 de febreiro, á avanzada idade de 90 anos, extínguese a vida do venerado patriarca **D. Manuel Murguía**.

Do 17 ao 19 de marzo ten lugar na Coruña a quinta Asemblea Nacionalista Galega.

O **Dr. Lago González** é nomeado Arcebispo de Santiago.

Expón **Imeldo Corral** os seus cadros en Santiago, cidade que celebra en xullo a «Exposición Regional Gallega de Bellas Artes», mentres que A Coruña é sé da «Terceira Exposición de Arte Gallego» en agosto-setembro.

Morre **D. Andrés Martínez Salazar**, investigador e editor. Nace **Antonio Tenreiro Brochón**, pintor e arquitecto.



O pintor Sotomayor.



Ramón Villar Ponte.

Julio Sigiienza publica na Habana *De los agros celtas*, poemas; **Vicente Risco** *O lobo da xente*; **Armando Cotarelo** *Sinxebra*, e **Lisardo Barreiro** *Escumas e brétemas galegas*. Tamén se edita, en Tui, o *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, de **Frei Martín Sarmiento**.

Leandro Carré estrea no Teatro Rosalía, representado pola Escola Dramática Galega, *O peccado alleo*, drama en tres actos.

Finalizan na Coruña as obras do edificio do Banco Pastor e dan comezo as da Casa Barrié, debidas aos arquitectos **Estellés** e **Tenreiro**.

12 de outubro: na Casa Grande do Castro de Ortoño, onde Rosalía Castro pasou os primeiros anos da súa vida, reúnese un grupo de mozos universitarios compostelanos e crean o «Seminario de Estudos Galegos», na procura dun total desenvolvemento das manifestacións culturais de Galicia e a reivindicación da súa personalidade.

1924

Parga Pondal e **Pérez Bustamante** descubren neste ano o castro de Borneiro.

Gonzalo López Abente dá a coñecer a súa colección de sonetos reunidos co título de *D'Outono*; **Jesús Bal e Gay** o ensaio *Hacia el ballet galle-*



O poeta López Abente.



O pintor Imeldo Corral.

go; **Correa Calderón** a novela *El Milano y la Rosa*, e **Armando Cotarelo** *Lubicán, Conto dramático de lobos e de amores*.


En maio aparece en Lugo a importante *Revista de Arte Ronsel*, dirixida por **E. Correa-Calderón** e **Álvaro Cebreiro**, que durou ata novembro sacando 6 números.

O 23 de xuño nace na Coruña o arquitecto **Andrés Fernández-Albalat Lois**.

Leandro Carré inaugura a colección «Lar» coa publicación de *A miña muller*, de **W. Fernández Flórez**, autor que tamén saca á luz *Visiones de neurastenia*.

29 de agosto: prematuramente, cando aínda non cumprira os 38 anos, morre na Lagoa, Bergondo, **Xoán Vicente Viqueira**, poeta e ensaísta en lingua galega, moi vencellado ás Irmandades da Fala, presidindo algún tempo a da Coruña. Era catedrático de Psicoloxía no Instituto e autor de varios libros sobre a súa especialidade.

Na Habana aparece unha *Historia de Galicia (compendio)*, debida a **Ramón Marcote**. **Augusto M^o Casas** edita *Alma triste*, colección de sonetos, e **Fernando Osorio** *Desourentación, boceto teatralizado e analítico de ideas*. **Manuel Vidal Rodríguez** presta un excelente servizo de divulgación con *La tumba del Apóstol Santiago*.



Wenceslao Fernández Flórez.

1925

30 de xaneiro **Vicente Risco** é elixido membro da Real Academia Galega, e non tomará posesión ate o 23 de febreiro de 1929.

E **Armando Cotarelo Valledor** éo da Real Academia Española de la Lengua, en representación de Galicia.

Ramón Otero Pedrayo comeza a súa carreira literaria coa publicación da novela breve «*Pantelas, home libre*», na editorial «*Lar*». E **Ángel del Castillo** con «*A dona das Torres, lenda galega*».

O 18 de marzo falece o arcebispo compostelano **D. Manuel Lago**, quen foi tamén poeta en galego. E o 13 de maio perece traxicamente en Barcelona o poeta festivo **Enrique Labarta Posse**, a consecuencia das feridas recibidas nun descarrilamento ferroviario. Nacera en Baio.

Castelao publica *Cincuenta homes por dez réas*; **Correa Calderón** *Concepción singela do ceo* e *El arte racial de Suárez Couto, notas de estética gallega*; **Aurelio Ribalta** *O pastor de Dona Silvia* e **R. Cabanillas** *O bendito San Amaro*, con deseños de **Castelao**.

Deixa de existir no seu Vigo natal, o 7 de agosto, **Ricardo Mella**, teórico do anarquismo.

Luis Quintas Goyanes concorre á Exposición Nacional de Belas Artes co retrato de **Álvaro Cebreiro**.

José García Acuña, diplomático e escritor brigantino, dá á impreza *Idearium Regionalista, esquema sintético de la evolución regionalista ibérica*.

7, 8 e 9 de outubro: celébrase en Lugo o Congreso de Economía Gallega, primeiro da súa clase entre nós.

19 de outubro: no momento en que daba lectura á súa novela *Anxélica*, que remataba de escribir, fenece **Florencio Vaamonde Lores**; a obra será editada por *Lar* en decembro.

9 de decembro: o Partido Socialista chora a perda do seu fundador, **Pablo Iglesias Posse**, nado no Ferrol no 1850.


1926

Xaneiro: **Castro Gil** expón en París os seus augafortes, colleitando un grande éxito de crítica e público.

O 27 de febreiro deixa de existir na súa casa de Moruxo, Bergondo, a poetisa ourensá **Filome-**



Xoán Vicente Viqueira.



O gravador Castro Gil.

na **Dato Muruais**; e o 10 de maio, en Madrid, o ilustre musicógrafo galego **Xosé M^a Varela Silvari**, nado na Coruña, en 1848. Tamén neste ano morren **D. Galo Salinas** e **D. Xoán Barcia Caballero**.

O día 13 de maio toman terra en Manila **Joaquín Loriga** e **Gallarza** no vó Madrid-Manila.

1 de xuño: ven ao mundo en Pontevedra o poeta **Manuel Cuña Novás**.

Ano destacable na historia da literatura galega: **Ramón Cabanillas**, *Na noite estrelecida* e, en colaboración con **A. Vilar Ponte**, *O Mariscal*, *teatro*; **Castelao**, *Cousas*; **Cotarelo Valledor**, *Hostia*; **Rafael Dieste**, *Dos arquivos do trasno*; **Lesta Meis**, *Manecho o da rúa*; **V. Risco**, *O bufón del Rei*, a súa única obra dramática; **López Abente**, *Nemancos*; **Filgueira Valverde**, *Os nenos*; **Otero Pedrayo**, *O purgatorio de Don Ramiro* e, ademais, a *Guía de Galicia e Síntese Xeográfica de Galicia*.

26 de xullo: inauguración da Biblioteca América na Universidade de Santiago.

En Cambridge, na Harvard University Press, aparece o estudo de **Kenneth John Conant** *The Early Architectural History of the Cathedral of Santiago de Compostela*.

Francisco Asorey obtén Primeira Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes coa súa escultura de San Francisco.

1927

Ramón Cabanillas é nomeado Cronista Xeral de Galicia e dá á imprenta *A rosa de cen follas*; outros tamén o fan e así aparecen: **Otero Pedrayo**, *Escrito na néboa*; **Cotarelo Valledor**, *Contos de Nadal*; **Eladio Rodríguez González**, *Oracións campesiñas*; **Lesta Meis**, *Estebo*, primeira novela galega sobre a emigración; **Rafael Dieste**, *A fiestra valdeira*. Tamén **Ramón Vilar Ponte** publica unha *Historia sintética de Galicia*, que merecerá axiña unha segunda edición, e **Victoriano García Martí** *Una punta de Europa*.

Ven ao mundo en Ribadeo, o 6 de febreiro, **Daniel Cortezón**, novelista e dramaturgo, e o 5 de



Risco.

outubro en Viveiro, **Xosé Ramón Vilar Chao**, «O pintor dos nenos».

Salvador de Madariaga ocupa a cátedra de Lingua e Literatura Española na Universidade de Oxford.

Créase o Museo de Pontevedra pola Deputación Provincial.

Sae o número un de *Arquivos*, publicación periódica do Seminario de Estudos Galegos.

Lois Amado Carballo, que neste ano publica *Proel*, falece prematuramente o 3 de setembro en Pontevedra, onde nacera en 1900.

José Luis Bugallal publica *El coloso de Rande*, a primeira novela deportiva de Galicia.

Rematando este ano un incendio destrúe o edificio do Museo Arqueolóxico de Ourense; perdéronse moitos obxectos e os dezaoit mil volumes que compuña a súa biblioteca.

1928

Comeza na Coruña a construción do Palacio de Xustiza, obra dos arquitectos **Galán e Boán**.

A Coruña perde dous ilustres fillos: o poeta **Evaristo Martelo Paumán**, que fora marqués de Almeiras e vizconde de Andeiro (31 de marzo); e pintor **D. Román Navarro** (10 de novembro); ao ano seguinte a súa cidade natal renderalle homenaxe póstuma efectuando unha exposición das súas obras.

En edición preparada polos seus amigos, e en sinal de admiración, sae *O Galo*, de **Luis Amado Carballo**, falecido o ano anterior.

O Teatro da Zarzuela, de Madrid, é escenario este ano de dous acontecementos musicais relacionados con Galicia: a estrea da ópera *Cantuxa*, unha das tres óperas galegas importantes, letra de **Adolfo Torrado**, música de **Gregorio Baudot**, e o da zarzuela ambientada en Galicia *La Meiga*, música de **Jesús Guridi**, con libreto de **Romero e Fernández Shaw**.

Eduardo Blanco Amor estréase como poeta con «*Romances galegos*». Pola súa parte, **Xulio Sigüenza** publica *Cántigas e verbas ao ar*, con prólogo de **Juana de Ibarbourou**; **Vicente Risco** a novela *O porco de pe*; **Otero Pedrayo**



Manoel-Antonio.

comeza a publicación de *Os camiños da vida*; **Manoel-Antonio** o seu único libro, *De catro a catro, follas sen data dun diario d'abordo*; **Camillo Díaz Baliño**, *Conto de Guerra*. **Plácido R. Castro** dá a coñecer o seu estudo sobre *La saudade y el arte en los pueblos célticos*.

Maruja Mallo expón nos salóns da *Revista de Occidente*, invitada por Ortega y Gasset, causando sorpresa á crítica. Tamén **Manuel Colmeiro** faíno por primeira vez en Galicia, en Vigo.

Nace **Xosé Neira Vilas** en Gres, Vila de Cruces, e en Santiago o escultor **Castor Lata**.

1929

Vicente Risco toma posesión como membro da Academia Galega, para a que fora electo en 1925; o discurso lido na súa recepción, que tivo lugar o 23 de febreiro, versou sobre *Un caso de lycantropía (O home-lobo)*. E o 9 de novembro faíno **R. Otero Pedrayo**, elexido en 1927; o seu discurso de ingreso leva por título *Romantismo, saudade, sentimento da Raza e da Terra en Pastor Díaz, Rosalía de Castro e Pondal*. Neste ano tamén publica *A lagarada e Pelerinaxes*.

Castelao trasládase a Bretaña para estudar as súas cruces de pedra, publicándose os resultados da súa investigación en 1930.

Falece **Antón Losada Diéguez**, activo membro das Irmandades da Fala, autor de fermosos contos galegos.

Creación de ORGA, Organización Republicana Gallega Autónoma, presidida por **Casares Quiroga**.

Aparecen «*Señardá*», de **Iglesia Alvariño**; *Orballo da media noite* de **Blanco Torres Cuevillas**, en colaboración con **Bouza Brey** presenta *Os Oestrimnios, os Saefes e a Ofiolatria en Galiza*.

Na Biblioteca de Estudos Galegos, editada en Madrid e dirixida por **Álvaro das Casas, Correa-Calderón** agrupa os seus ensaios co título de *Índice de utopías gallegas*.

Pola súa relación, convén destacar: **Rodrigues Lapa**, *Das orixens da poesía lírica em Portugal na Idade-Média*, tesis doutoral, considerada obra clásica para o estudo desta materia.

1930

19 de xaneiro: o que será nomeado O poeta do Caurel, **Uxío Novoneyra**, ve por primeira vez a luz en Parada de Moreda.

28 de xaneiro: en Asados, Rianxo, lugar do seu nacemento, falece o poeta **Manoel-Antonio**, de enfermidade consecuenta a unha insolación sufrida a bordo dun pesqueiro, cando faenaba en augas de Cabo Branco (África).

Castro Gil obtén cos seus gravados Primeira Medalla de Ouro na Exposición Nacional de Belas Artes. E Manuel Abelenda unha bolsa para investigacións de Arte en España, Italia, Suíza e Francia.

Otero Pedrayo presenta *Arredor de sí*; **Risco**, *El problema político de Galicia*; **Euxenio Montes**, *Versos a tres cás o neto*; **Xulio Sigüenza**, en Montevideo, *Galicia, cara y cruz*. En tradución de **Avelino Gómez Ledo** aparecen *As églogas de Virxilio*, e en edición póstuma, *Ensaños y poesías*, de **X. Vicente Viqueira**. Libro destacado deste ano é *Arte gallego*, de **E. Estévez Ortega**, publicado pola Editorial Lux, de Barcelona.



O escritor Lesta Meis.

O 4 de novembro falece **D. Angel Amor Ruibal**, filólogo, teólogo e filósofo, aos 61 anos. E o 22 de decembro, en Eirís, da parroquia de Santa María de Oza, da Coruña, onde nacera, o escritor **Xosé Lesta Meis**, quen neste ano dera á imprenta *Abellas de ouro*.

1931

O Seminario de Estudos Galegos redacta o anteproxecto do Estatuto de Galicia.

Castelao publica o álbum *Nós*; **Blanco Amor** *Poema en catro tempos*; **Cotarelo Valledor** o *Cancioneiro da agulla* e *Beiramar*, drama, e **R. Otero Pedrayo** difunde o seu discurso de ingreso na Academia Galega; **Carballo Calero Veiros**, poesías.

Falece a cantante coruñesa **Ofelia Nieto**. Tamén **D. Juan Ciórraga**, arquitecto municipal coruñés durante moitos anos, entusiasta continuador da galería nos edificios coruñeses (8 de xuño). Nacera en Vitoria.

Castelao, **Risco**, **Otero Pedrayo**, **Paz Andrade**, **Peña Novo**, **González Salgado**, elexidos deputados.

Aparece en Pontevedra *Logos*, boletín católico mensual en lingua galega, de tendencia nacionalista.

Manuel Torres, o pintor de Marín, é becado pola súa Deputación para viaxar a París, o que repetirá no 1932.

O 5 de outubro nace **Alfonso Abelenda Escudero** na Coruña e o 22 de novembro **Xohana Torres** en Santiago, poetisa e novelista.

A finais de ano fúndase o Partido Galeguista.

1932

En maio, estada de **Federico García Lorca** en Vigo, A Coruña e Santiago; pronuncia a súa conferencia sobre *La arquitectura del canto jondo*. En agosto acompaña, como director artístico, á agrupación de teatro universitario «La Barraca», en viaxe por Galicia. O poeta voltará, en novembro, a Pontevedra e Lugo, convidado polo Comité de Cooperación Intelectual.

Fúndase en Pontevedra a revista literaria *Cristal*.

Julio Prieto Nespereira obtén Medalla de Ouro na Exposición Nacional de Belas Artes, na Sección de Gravado.

En Barcelona, en edición de E. Carreras y Candi, aparece a *Geografía General del Reino de Galicia*, en cinco volumes. En Coimbra, en edición crítica de **José Joaquim Nunes**, *Cántigas d'amor dos trovadores galego-portugueses*.

A Deputación de Lugo crea o Museo Provincial

Cunqueiro, *Mar ao norde*, poesías; **Otero Pedrayo**, *Contos do camiño e da rúa*; **Augusto M^o Casas**, *O vento segrel*, e **Bouza Brey**, *Nao senlleira*.

30 de agosto: falece o heroico capitán da marina mercante **D. Manuel Deschamps**. Foi burlador do bloqueio ianqui sobre Cuba por varias veces. Realizou oitenta viaxes á Arxentina, nos que transportou a máis de setenta mil persoas. Nacera en Sigrás.

28 de outubro: en Madrid, onde residía, extínguese a vida do director e compositor musical **Reveriano Soutullo Otero**, autor de celebradas zarzuelas, entre elas *La leyenda del beso*, *La del Soto del Parral*, etc. Era natural de Pontearreas.

18 de decembro: o renacemento cultural galego perde neste día a inqueda e dinámica figura de **D. Euxenio Carré Aldao**.



Castelao.

1933

Leandro Pita Romero, de Ortigueira, é nomeado Ministro de Mariña, en 1934 sérao de Estado e sen carteira e o primeiro embaixador da República no Vaticano.

O Seminario de Estudos Galegos reúne no volume *Terra de Melide* os diferentes estudos e investigacións alí realizados. **Cunqueiro** dá a coñecer os seus *Poemas do sí e do non* e a *Cántiga nova que chaman riveira*, e **Iglesia Alvariño** *Corazón ao vento*. Pola súa banda, **V. Risco** caracteriza aos homes do seu tempo, preocupados polas cousas do espírito, en *Nós, os inadaptados*, e **Otero Pedrayo** ofrece aos degustadores da súa prosa, aínda que excepcionalmente en castelán, o *Ensayo histórico sobre la cultura gallega*.

O 10 de xuño falece na Coruña **José García Acuña**, autor de *Idearium regionalista* e da novela costumista *La Mariñana*. Nacera en Betanzos, en 1873. E o 9 de decembro, en Santiago, o esclarecido médico coruñés **Roberto Novoa Santos**,

cando contaba 48 anos. No mesmo día, en Lugo, outro coruñés, **D. Manuel Amor Meilán**, tamén deixa de existir; era poeta e dramaturgo, e colaborador da «*Geografía de Galicia*», de Carreras Candi.

1934

1 de marzo: fundación da Asociación de Artistas da Coruña, que en abril celebra a primeira exposición de pintura.

Constitúese a Federación de Mocedades Galeguistas, póla xuvenil do Partido Galeguista.

20 de maio: falece **D. Salvador Cabeza de León**, quen fora Presidente do Seminario de Estudos Galegos e académico fundador da Academia Galega.

O 24 de xullo toma posesión do sillón nº 12 da Academia Galega **Antón Vilar Ponte**; o discurso lido no acto da súa recepción pública versa sobre *O sentimento liberal na Galiza*. Ao día seguinte, 25, faino **Castelao**, disertando sobre *As cruces de pedra na Galiza*. Este mesmo ano publica o libro de narracións *Retrincos* e a novela *Os dous de sempre*; en novembro é desterrado a Badajoz.

11 de agosto: inaugúrase o monumento que A Coruña dedica a Curros Enríquez; acto solemne, ao que asiste o Presidente da República. É o seu autor **Francisco Asorey**.

Fórmase un Comité de Misiones Pedagógicas para Galicia. Recibe apoio do rector da Universidade e do Inspector **Díaz Rozas**.

Entre as publicacións deste ano cómpre destacar *Mitteleuropa*, de **Vicente Risco**; *A romeiría de Xelmírez* e a narración breve *Fra Venero*, de **Otero Pedrayo**; *O silencio axionllado*, de **Carballo Calero**; a edición crítica do *Cancionero de Payo Gómez Charriño, almirante y poeta*, por **Cotarelo Valledor**, e *Os Evanxeos da risa absoluta (anunciación do Antiquixote)*, de **Antón Vilar Ponte**.

1935

Na Editorial Nós, de Santiago, aparecen os *Seis poemas galegos*, de **García Lorca**. **Couceiro Freijomil** publica en Barcelona *El idioma ga-*



José García Acuña.

llego. A Academia lanza a súa edición de *Queixumes dos pinos e poesías inéditas*, de Pondal. **Juan G. del Valle** edita unha selección de *Poesías* de **Lamas Carvajal**, á que pón prólogo.

O 30 de maio falece en Santiago **D. Constante Amor Neveiro**, sacerdote, autor de importantes traballos encol de temas sociais e penalistas; nacera en Ames, en 1862. En Río de Janeiro, onde residía, o pintor **Modesto Brocos**, natural de Santiago (1852). E na súa Pontevedra natal, **D. Perfecto Feijóo Poncet**, fundador dos coros galegos, creador en 1883 do coro «Aires da Terra».

Plácido R. Castro e os irmáns **Vilar Ponte** traducen e editan en Santiago *Dous Folk-dramas de W.B. Yeats*.

1936

5 de xaneiro: ás dúas da tarde falece nunha clínica de Santiago **D. Ramón del Valle-Inclán**. Ao día seguinte celébrase o enterro civil no cemiterio de Boisaca.



Federico García Lorca.

4 de marzo: tamén falece o infatigábel apóstol do nacionalismo galego **Antón Vilar Ponte**, quen non acadara a ver o trunfo obtido polo Estatuto no plebiscito que se celebrará o 28 de xuño.

Maside obtén un premio en gravado na Exposición Nacional de Belas Artes, de Madrid.

Manuel Casás Fernández imprime en Moret *Concepción Arenal. Su vida y su obra*. Aparece *Rechouchío*, de **Álvaro de las Casas**.

Falece o pintor **Víctor Morelli**.

O 18 de xullo...

1937

Este ano ve desaparecer a ilustres personalidades pertencentes ao ámbito cultural e artístico galego, como son **D. Fernando Martínez Morás**, autor de diversos traballos de investigación histórica sobre Galicia; **D. Casto Sampedro Folgar**, fundador da Sociedade Arqueolóxica de Pontevedra, cronista da súa cidade e autor do Cancionero que leva o seu nome, e **D. Arturo Fernández Cersa**, pintor, nado na Coruña en 1866.

En Ourense, o 14 de xullo, ven ao mundo **Xaime Quessada**, pintor, gravador, ilustrador.

1938

Falece **D. Manuel Linares Rivas**, autor de obras de teatro en castelán. Comezou estreando, o 6 de agosto de 1903, *Aires de guerra*.

Jenne Vieliard publica en Maçon *Le Guide du Pèlerin de Saint-Jacques de Compostelle*.

7 de setembro: nace en Ourense **Xosé Luis Méndez Ferrín**, destacada figura da actual literatura galega.

Falece **D. Félix Estrada Catoira**, autor de diversas monografías históricas relacionadas con Galicia.

10 de decembro: ven ao mundo **Manuel García Vázquez**, escultor, máis coñecido por **Buciños**, nome que se corresponde co lugar do seu nacemento, no concello de Carballedo.

1939

22 de abril: **Antonio Noriega Varela**, O Poeta da Montaña, membro da Academia Galega, na que ocupa o sillón nº 5.

Gonzalo Torrente Ballester, Premio Nacional de Literatura.

O arquitecto **Santiago Rey Pedreira** proxecta na Coruña o Estadio Municipal de Riazor.

Falece o pintor lucense **Xesús Corredoira**.

Isidoro Millán: *A la sombra del Apóstol. Once siglos de vida compostelana*.

1940

15 de febreiro: falece na Coruña **D. Manuel Lugrís Freire**,



Cebriño

Valle
Inclán.

- poeta, dramaturgo, incansable propagandista do idioma galego, que foi o primeiro en utilizar como orador nun acto político. Era membro do Seminario de Estudos Galegos e da Academia Galega, que chegou a presidir. Nacera en Sada.
- 6 de maio: nace en Ourense **Acisclo Manzano**, Premio Nacional de Escultura en 1962 e 1968. E o 28, en Aguiño, Riveira, **Andrés Torres Queiruga**, filósofo, teólogo.
- Falece o pintor coruñés **Alfredo Souto Cuero**, pai do tamén pintor Arturo Souto Feijóo. Tamén **Jaime Solá Mestre**, fundador da revista *Vida Gallega*.
- Gerardo Diego** publica a primeira versión do seu libro de poemas *Ángeles de Compostela*.
- Francisco Vales Villamarín** é nomeado Cronista Oficial do seu Betanzos natal, do que chegará a recibir a Medalla de Plata e a ser nomeado Fillo Predilecto. Tamén será secretario da Academia Galega ata a súa morte en 1982.
- Aparece en Buenos Aires *De cuatro a cuatro. Hojas sin fecha de un diario de a bordo*, de **Manoel-Antonio**, traducción de **Rafael Dieste**, deseños de **Manuel Colmeiro**.
- O 7 de setembro falece na localidade madrileña de Chozas de la Sierra **Aurelio Ribalta Copete**, fundador da revista *Estudios Gallegos* e inspirado poeta e excelente narrador.
- 1941**
- Falece en Ferrol (sete de xaneiro) o destacado debuxante e pintor **Vicente Díaz González**. Na Coruña o arquitecto **Rafael González Villar**; era Presidente da Academia P. de Bellas Artes. En Ourense, o sete de marzo, **D. Marcelo Macías**, aos 98 anos, autor de importantes aportacións á historia de Galicia.
- Julia Minguillón** obtén Medalla de Ouro na Exposición Nacional con *La escuela de Doloriñas*.
- 27 de xullo: solemne sesión da Academia Galega no Paraninfo da Universidade de Santiago, durante a que toman posesión dos seus cargos 19 novos académicos.
- En Buenos Aires, **Castelao** estrea a súa farsa dramática *Os vellos non debe de namorarse*.
- O pintor **Sejjo Rubio** ingresa na Orde de Alfonso X el Sabio.
- Nace en Xinzo da Limia o destacado novelista **Carlos Casares**.
- Do 10 ao 30 de novembro, **Castro Gil** celebra a súa primeira exposición de augafortes na Coruña, en número de cincuenta.
- 1942**
- Aparece o *Cancionero musical de Galicia*, recollido por **D. Casto Sampedro Folgar**; en Santiago editase a *Historia de Puentedeume y su comarca*, de **A. Couceiro Freijomil**; e en Buenos Aires a obra de **Alicia Santaella** *Rosalía Castro. Vida poética y ambiente*.
- O 1 de xuño deixa de existir na Coruña, **D. César Vaamonde Lores**, bibliotecario da Academia Galega e cronista oficial da cidade, historiador e autor de importantes monografías esclarecedoras do pasado histórico de Galicia. O 15 de novembro, en Pedrouzos, Castro Caldelas, **Cándido Fernández Mazas**, renovador da pintura galega, e o 26 de decembro Xavier Prado Rodríguez, máis coñecido polo seu pseudónimo de **Lameiro**, prolífico autor de pezas teatrais galegas.
- 1943**
- O 25 de xaneiro morre en Ortigueira **D. Federico Maciñeira e Pardo de Lama**, ilustre cultivador da prehistoria.
- Iglesias de Souza** crea na Coruña a Agrupación Artística «La Farándula».
- Sebastián Martínez-Risco** publica *Trébol poético (Recuerdo de Compostela y La Tanza negra)*, novela; **Francisco Leal Insua**, *Pastor Díaz, príncipe del romanticismo*.
- Morre no Hospital de Tampa (Florida) o líder agrarista **Basilio Álvarez**.
- O pintor **Juan Luis** é primeira medalla na Exposición Nacional de Belas Artes.
- W. Fernández Flórez** edita a súa novela «*El bosque animado*», obra ambientada na fraga de Cecebre, e **Otero Pedrayo** «*Vida del Doctor D. Marcelo Macías*».

O 30 de novembro créase o Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos polo Consello Superior de Investigacións Científicas, que substitúe e continúa en parte o labor do Seminario de Estudos Galegos.

En Buenos Aires saen da imprenta: *Estudio sobre el origen y formación de la lengua gallega*, do P. Sarmiento; *Siervo libre de Amor*, de **Juan Rodríguez del Padrón**, e *Cinco cartas político-literarias* de **Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar**.

1944

Pura Vázquez dáse a coñecer co seu libro de versos *Márgenes veladas*.

O 3 de abril falece no Convento franciscano de Santiago o **P. Atanasio López**, estudioso do pasado de Galicia. Nacera en Boñar (León), en 1876.

Edición das *Obras completas de Rosalía Castro*, dirixida por **Victoriano García Martí**, pola Editorial Aguilar, de Madrid. Tamén dende Madrid **Vicente Risco** dá a coñecer a súa *Historia de los judíos desde la destrucción del Templo*, e o mesmo fai **Francisco Elías de Tejada** con *La tradición gallega*.


Castelao publica en Buenos Aires o seu *Sempre en Galiza*, capital na que tamén sae *Adolescencia*, de **Otero Pedrayo**. E en Santiago aparece o *Liber Sancti Jacobi. Codex Calixtinus*, en transcripción de **Walter Muir Whitehill**, con estudos e índices. Música por **Dom Germán Prado**.

1945

O 2 de xaneiro, **Azorín** é nomeado Académico de Honor pola Xunta de Goberno da Real Academia Galega, en atención aos seus admirables estudos de exaltación da terra e dos seus valores literarios.

Fermín Bouza Brey obtén a Flor Natural nos Xogos Florais de Santiago. E o pintor coruñés **Luis Mosquera** a Primeira Medalla na Exposición Nacional de Belas Artes.

Aparece en Ourense a revista *Posío*, e en Buenos Aires faise unha edición da obra de **Vasco de Aponte** *Relación de algunas Casas y Linajes del Reino de Galicia*.



O pintor Juan Luis.

Falecen o Padre franciscano **Samuel Eiján Lorenzo**, historiador de Ribadavia, autor de obras de teatro e poesía, e o xenial arquitecto **Antonio Palacios Ramilo**, nado en Porriño, autor, entre outras moitas obras, do templo da Vera Cruz, no Carballiño, e do Palacio de Comunicacións madrileño.

1946

O 19 de agosto Betanzos celebra uns Xogos Florais, nos que actúa de mantedor o Marqués de Lozoya e obtén a Flor natural o poeta **Xosé María Díaz Castro**.

En tradución de **Augusto Casas**, en Barcelona aparecen *Las mejores poesías de Rosalía Castro*.

1947

1 de febreiro: falece na Coruña, onde nacera, o ilustre compositor **José Baldomir Rodríguez**; é moi coñecida a súa balada *Meus amores*. O 27 de marzo, en Viveiro, o gran poeta lírico **Antonio Noriega Varela**, o Poeta da Montaña.

É inaugurado o Museo Provincial de Belas Artes da Coruña (a súa fundación data de 1922).

Creanse as Sociedades Filarmónicas lucense e ourensana, e constitúese o Patronato Rosalía Castro.

Carlos Martínez Barbeito publica a súa novela «El bosque de Ancines», inspirada no caso de Manuel Blanco Romasanta, «O Home-lobo», condeado a morte pola Audiencia Territorial da Coruña no ano 1854; **Aquilino Iglesia Alvaríño** faíno de *Cómaros verdes* e **M. González Garcés** de *Vibraciones*.

Lago Rivera participa como invitado na Exposición Bienal de Venecia.

A Real Academia Provincial de Belas Artes realiza unha Exposición-homenaxe a **Germán Taibo**.

É editada a *Historia de la Universidad de Santiago*, de **Salvador Cabeza de León**; tamén o é o traballo de **Fritz Krüger** sobre *Léxico rural del Noroeste Ibérico*; en publicación póstuma, *Bares, Puerto hispánico de la primitiva navegación occidental*, de **Federico Maciñeira**. Outra publicación é *Nuevos estudios crítico-históricos acerca de Galicia*, do **P. Atanasio López**, franciscano.

En París, **Pierre David** dá a coñecer os seus *Études historiques sur la Galice et le Portugal du VIe au XIIIe siècle*.

1948

O 6 de febreiro falece en Madrid **Francisco Camba**, ilustre escritor, colaborador de diversas publicacións e autor de varios libros en castelán. Nacera en Vilanova de Arousa.

Aparece na Coruña a revista *Alba, hojas de poesía*, publicación sen periodicidade.

Falecen: **D. Alejandro Barreiro Noya**, Secretario da Academia Galega, autor de diversos traballos de investigación histórica; en Segovia, **José Crecente Vega**, sacerdote, que en 1933 publicou o libro de versos *Codeseira*; nacera en Castro de Rei (Lugo).

O Día de Galicia pronuncia **Castelao** o seu derradeiro discurso, que leva por título *Alba de Groria*; un folleto recolleu posteriormente este fermoso texto.

Finaliza a impresión de *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, de **Vázquez de Parga, Lacarra** e **Uría**, premiada oficialmente en 1945,



Miguel González Garcés.

e da que se ten dito que é, con seguridade, un dos máis importantes fitos na investigación sobre a sociedade medieval. Pola súa parte, a Editora Nacional presenta *El libro de Santiago*.

A Real Academia Provincial de Belas Artes presenta unha Exposición das obras de **Francisco Lloréns**, como homenaxe ao pintor falecido o 11 de febreiro deste ano, ano que ve tamén desaparecer aos pintores **Virxilio Blanco** e **Fernando Cortés Bugía**.

Mariano Tudela dá a coñecer *La linterna mágica (narraciones)*, a súa primeira obra. **Javier Ruiz Almansa** publica *La población de Galicia (1500-1945)*.

Nace no Carballiño (Ourense) **Felipe Senén**, director do Museo Arqueolóxico e Histórico da Coruña ate hai pouco.

1949

19 de febreiro: data de fundación da Cerámica do Castro, dirixida por **Isaac Díaz Pardo**.

25 de febreiro: falece en Madrid o pintor, debuxante e gravador **Máximo Ramos López**, nado en Ferrol.

Rey de Viana funda na Coruña o ballet galego que leva o seu nome.

O 4 de xuño **D. Fernando Quiroga Palacios** é designado para ocupar a cadeira arcebispal de Santiago de Compostela.

É publicado en Washington D.C., polo **P. Anselm Gordon Bigs**: *Diego Gelmírez, First Archbishop of Compostela*, e en Buenos Aires: *As cruces de pedra na Galiza*, texto, ilustracións e láminas de **Alfonso R. Castelao**. Na mesma capital argentina aparece: *Poesía inglesa e francesa vertida ao galego*, de **Plácido R. Castro**, **Lois Tobío** e **Florencio Delgado Gurriarán**, e *Cos ollos do noso espírito (ensaios breves)*, de **F. Fernández del Riego**.

Constitúese en Santiago a Sociedad de los Bibliófilos Gallegos por **Filgueira Valverde**, **Sánchez Cantón** e outros que, neste ano, saca á luz: *El Pórtico de la Gloria*, de **Ángel del Castillo**, e *Camiños no tempo*, de **Ramón Cabanillas**.

Falece na Coruña **D. Eladio Rodríguez González**, xornalista, poeta e autor dun importante *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*.

O Goberno nomea comendador da Orde de Alfonso X el Sabio a **Eduardo Lence Santar**, premiando así o seu infatigábel labor de investigación histórica, especialmente do seu Mondoñedo natal.

Aparece o primeiro libro de **Luz Pozo Garza**, *Ánfora*. **Enrique Chao Espina** dá a coñecer *Pastor Díaz dentro del romanticismo*; **Víctor Lis Quibén**, *La medicina popular en Galicia*; **Antonio Rey Soto**, *Galicia venera y venero de España. Escritores desconocidos y olvidados*, e **R. Otero Pedrayo** *La vocación de Adrián Silva*, novela.

Comezan as primeiras publicacións en galego da posguerra, na Colección de poesía Benito Soto, editorial fundada o ano anterior por **Celso Emilio Ferreiro** e outros, en Pontevedra.

1950

O sete de xaneiro é o día en que Galicia perde a **Castelao**.

8 de marzo: falece **Álvaro de las Casas**, autor de diversos ensaios dramáticos en galego.

É creada en Vigo a Editorial Galaxia.

Publícase en Santiago a versión en castelán da *Historia Compostelana. Hechos de Don Diego Gelmírez*, en traducción do latín por **Fr. Manuel Suárez** e introducción e notas do **Fr. J. Campelo**. Pola mesma editora sácase á luz *La pintura gallega* de **José Couselo Bouzas**.

Fórmase en París a «Société des Amis de Saint Jacques de Compostelle». E na Coruña a Sociedade «Amigos de la Ópera», primeira en España.

Elena Quiroga obtén o Premio Nadal coa súa novela *Viento del Norte*. No primeiro concurso convocado pola Editorial Bibliófilos Gallegos resulta premiada a novela de **Ricardo Carballo Calero** *A xente da Barreira*, autor que este ano publica *Anxo de terra*, versos. Libro de versos é tamén *Muiñeiro de brétemas* co que incia as súas publicacións **Manuel María**, o Poeta da Terra Chá. Outra primeira publicación é a de *Triscos*, de **Luis Pimentel**.

O coruñés **P. José Rubinos** dá a coñecer en La Habana o poema épico galego *Covadonga*; **F. Fernández del Riego** edita en Buenos Aires *Danzas populares galegas* e **Victoriano García**, en Madrid, *Tres narraciones gallegas*. **Cunqueiro** ofrece a súa traducción da *Poesía de Holderlin*, e, da súa inspiración, *Dona de corpo delgado*.

O Instituto P. Sarmiento de Estudios Gallegos edita o *Viaje a Galicia de Fray Martín Sarmiento (1754-1755)*, manuscrito da Abadía de Silos transcrito por **Fr. M. del Álamo** e **Fr. J. Pérez de Urbel**, edición e notas de **Sánchez Cantón** e **Pita Andrade**.

1951

Comeza unha década florida en publicación de materia galaica, onde o galego vai tomando posicións: **Ramón Cabanillas**, *Antífona da cantiga*, primeiro libro debido á Editorial Galaxia, que en 12 de abril saca a Colección «Grial», con *Presencia de Galicia*, e tamén o *Manual de Historia de la Literatura Gallega*, de **F. Fernández del Riego**.

Outra *Historia de la Literatura Gallega* aparece en Santiago e débesele ao Profesor **Varela Jácome**.

Bibliófilos Gallegos publica o *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores gallegos* de **A. Couceiro Freijomil** (tres tomos), *Macías el Enamorado* y *Juan Rodríguez del Padrón*, de **Carlos Martínez Barbeito**, e *Ribadavia*, de **Chamoso Lamas**. O Instituto P. Sarmiento: o *Liber Sancti Jacobi: Codex Calixtinus*, traducción de **A. Moralejo**, **C. Torres** e **J. Feo**; a *Coronica de Santa María de Iria*, códice galego do século XV, edición de **J. Carro García**, e *Carmina*, de Q. Horatii Flacii, en traducción de **Aquilino Iglesia Alvarriño**.

Outras edicións aparecen: *Las joyas castreñas*, de **Florentino L. Cuevillas**; *Sargadelos*, de **Filgueira Valverde**; *El buho gallego con las demás aves de España haciendo Cortes*, por **Pedro Fernández de Castro**, VII Conde de Lemos; *La Mística de la Saudade. Estudio de la poesía de Rosalía Castro*, por **Sister Mary Pierre Tyreel**.

O 20 de xullo falece na Coruña, onde nacera, **D. Narciso Correal e Freire de Andrade**.

É creado en Santiago o «Museo de las Peregrinaciones».

Ramón Vilar Ponte ingresa na Real Academia Galega o 16 de xuño; no seu discurso falou sobre o movemento intelectual iniciado en 1916 en Galicia.

1952

Sofía Casanova é nomeada, por acordo unánime, Membro de Honra da Real Academia Galega.

3 de febreiro: falece na Coruña, onde residía, **Indalecio Díaz Baliño**, escultor varias veces premiado. Era natural de Ferrol.

Edítase o *Cancioeiro da poesía céltica*, de **Julius Pokorny**, traducción de **Celestino F. de la Vega** e **Ramón Piñeiro**, a primeira feita en lingua romance.

En Galaxia aparece o trascendental libro colectivo *7 ensayos sobre Rosalía*, editorial na que tamén saen: o *Manual de Historia de Galicia*, de **Vicente Risco**, e *Por os vieiros da Saudade. Lembranzas e crónicas de un viaxe a Buenos Aires*, de **Otero Pedrayo**; do mesmo autor é *El Doctor Varela de Montes*.

Falece o extraordinario debuxante, pintor e ilustrador vigués **Federico Ribas Montenegro**.

Créase en Lugo, baixo a dirección de **Faustino Santalices**, o primeiro Taller-Escuela de instrumentos musicais galegos.

Iníciase en Ferrol a publicación da revista de poesía *Aturuxo*.

María Luisa Caturla edita o seu esclarecedor traballo: *Un pintor gallego en la Corte de Felipe IV, Antonio Puga*; **Domingo Quiroga**, o seu, titulado *Padre Maestro*; **Sánchez Cantón**, *Sotomayor*; **Luis Viñas Cortegoso** *Vida y viajes literarios del Rvdmo. P. M. Fray Martín Sarmiento*, e, en Buenos Aires, **Luis Seoane**, *Fardel do eisiliado*.

O 5 de outubro morre en Santiago o músico e compositor **Bernardo del Río**, fundador do coro «Queixumes dos pinos», e o 9 de decembro, en Franza-O Seixo, no concello de Mugarbos, o pintor **Felipe Bello Piñeiro**, aos 65 anos.

1953

Neste ano cumpre *Faro de Vigo* un século de existencia.

A edición de *Á lus do candil, contos a carón do lume*, de **Anxel Fole**, é a revelación dun contista de extraordinario valor. Igualmente é a revelación de **Castelao** como dramaturgo a de *Os vellos non deben de namorarse*, obra póstuma xa representada. Ambos libros son de Galaxia que, ademais, saca o colectivo *La Saudade*.

Outros libros a resaltar son: *La civilización céltica en Galicia*, de **F. López Cuevillas**, *Inéditos de Rosalía*, de **Juan Naya Pérez**, e *La puerta de paja*, de **Vicente Risco**, novela finalista do Premio Nadal. Tamén aparecen *Orígenes del culto al Apóstol Santiago*, de **S. Portela Pazos**; *La Escuadra de Galicia*, de **Fernández Villaamil**, e o *Entremés famoso sobre da pesca do Miño*, de **Gabriel Feixóo de Arauxo**.

O 18 de abril ingresa **Sebastián Martínez-Risco** na Academia Galega, da que, andando o tempo, será esclarecido Presidente; no acto da súa recepción fala sobre *O sentimento da Xustiza na literatura galega*.

O lanzamento de títulos literarios dende Buenos Aires é sobresaínte: *O libro dos amigos*, de **Otero Pedrayo**; *Dos mil nombres gallegos*, de **F. Lanza Álvarez**; os dous traballos sobre **Curros** premiados en 1951, ao cumprirse o seu centenario: *Manuel Curros Enríquez. Sua vida e sua obra (ensaio bio-bibliográfico)*, de **Luis Carré Alvarellos**, o mellor en lingua galega, e *Vida y Obra de Manuel Curros Enríquez*, de **Alberto Vilanova**; *La artesanía en Galicia*, de **Filgueira Valverde**; *De la Guerra de la Independencia en Galicia*, de **Martínez Salazar**; *Episodios Gallegos*, de **Manuel Casás**, e *Discurso encol do idioma galego*, de **Francisco Luis Bernárdez**.

1954

Cúmprese o centenario da morte de **Xenaro Pérez Villaamil** (1807-1854) e o do nacemento de **Román Navarro** (1854-1928) e a Academia Provincial de Belas Artes conmemóraso realizando unha exposición da obra de ambos pintores.

Comeza a editarse na Coruña a revista *Atlántida*. Nesta capital tamén aparecen: *La Peña y la peña*, de **Julio R. Yordi**, e *Poema del imposible sosiego*, de **Miguel González Garcés**. En Vigo, *Manuel Colmeiro*, en estudo de **Antonio Bonet**, e *Carlos Maside*, no de **Álvaro Cunqueiro** e **Ricardo García Suárez**.

Falece na Arxentina, en 22 de xuño, o pintor e debuxante **Manuel Bujados**, nado en Viveiro en 1889; en Montevideo, lugar do seu nacemento, **Julio J. Casal**, fundador da revista *Alfar*, que editaba na Coruña cando era Cónsul xeral da República Oriental do Uruguai.

Ramón Cabanillas publica, en Lugo, *Da miña zanfona*; **Leandro Carré**, en Braga, *Nos picoutos de Antóim*; e **E. González López** e **F. Fernández del Riego**, en Buenos Aires, *Galicia, su alma y su cultura* e *Galicia no espello*, respectivamente.

O 24 de novembro, cando contaba 57 anos, falece o pintor ferrolano **Carmelo F. González**.

Borobó fai unha excepción no cotián labor e edita *Xan Po'reás, burlador de diablos (leyenda fáustica)*. Libro de especial significación na narrativa galega é *Nasce un árbore*, de **Gonzalo**



Ramón Cabanillas.

Rodríguez Mourullo. Outros libros relevantes son *Estudios jacobeos*, de **J. Carro García**; *Monasterios cistercienses de Galicia*, de **L. Torres Balbás**, e *La construcción de la catedral de Orense*, debido a **J. M. Pita Andrade**.


1955

9 de maio: falece en Santiago **Antonio Couceiro Freijomil**, erudito autor dun *Diccionario Bio-Bibliográfico de escritores gallegos*, entre outras obras. Nacera en Pontedeume, no ano 1888.

Uxío Novoneyra saca á luz o seu primeiro libro de versos, *Os eidos*. **Álvaro Cunqueiro** deleita aos seus lectores con *Merlín e familia*, e **Ramón Cabanillas** aos seus con *Versos de alleas terras e de tempos idos (Paráfrasis galegas)*.

Inaugúrase na Coruña a Casa da Cultura, que comprende o Arquivo Rexional de Galicia e Biblioteca pública. O edificio é obra do arquitecto **Antonio Tenreiro Rodríguez**.

Primeira actuación pública do Ballet Galego «*Rey de Viana*».



Isaac Díaz Pardo.

V. Cobas Pazos dá a coñecer o seu estudo sobre *La gaita gallega*, **Chamoso Lamas** o seu referido a *La arquitectura barroca en Galicia*, e **M. Vázquez Seijas** os que fixo en relación coas *Fortalezas de Lugo y su provincia*.

Falece na Coruña o pintor **Jesús González Concheiro**.

O 29 e 30 de outubro celébrase en Braga a I Asambleira Luistano Galega, por iniciativa da Academia Galega.

Fernando Mon, *Gente conocida*; **José M^a Castroviejo**, *Apariciones en Galicia*; **F. Bouza Brey**, *Seitura*, son títulos aparecidos neste ano, aos que cómpre engadir a edición, en Buenos Aires, de *Galería de gallegos ilustres*, de **Teodosio Vesteiro Torres**.

1956

Consólidase a presenza do galego na literatura grazas á actividade da Editorial Galaxia, que neste ano saca á luz: *Da esencia da verdade*, de **Heidegger**, en versión de **Celestino F. de la Vega**; *Terra brava*, o segundo libro de contos de **Ánxel Fole**; *As crónicas do Sochantre*, de **Cunqueiro**, e *As covas do Rei Cintolo*, de **Daniel Cortezón**.

Nas Festas Minervales da Universidade Compostelá acadou o primeiro premio de narracións galegas **Gonzalo R. Mourullo** con «Carta a un irmán», que xuntamente con outras dirixidas a distintos destinatarios, dá á estampa en Ediciones Monterrey formando o volume *Memorias de Tains*.

En Buenos Aires, aparece *Unha presa de dibuxos feitos por Isaac Díaz Pardo de xente do seu rueiro*. E, en Río de Xaneiro, *O Cancioneiro de Martín Códax*, por **Celso Ferreira da Cunha**.



Autorretrato de Cebreiro.